

REUNIÓN DA XUNTA DE PORTAVOCES

Día: 27.08.2020

Hora: 11:30

A Xunta de Portavoces, celebrará sesión o próximo **día 27 de agosto de 2020, ás 11:30** horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte:

- Punto 1. Lectura e aprobación, se é o caso, do borrador da acta da reunión do 17 de agosto de 2020.
- Punto 2. Formación da orde do día e ordenación do debate das sesións plenarias de investidura e de apertura de lexislatura.
- Punto 3. Comunicacóns, rogos e preguntas.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Miguel Angel
Santalices Vieira,
Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Angel Santalices
Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Angel
Santalices-Vieira, Presidente,
email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegali-
cia.es
Fecha: 2020.08.24 13:23:44 +02'00'





Asinado dixitalmente por:

Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente na data 24/08/2020 13:23:44





ACTA DA REUNIÓN DA
MESA XUNTA DE PORTAVOCES
DO
17 DE AGOSTO DE 2020

(constitutiva)

**ACTA DA REUNIÓN DA
MESA-XUNTA DE PORTAVOCES DO
17 DE AGOSTO DE 2020.**

No Pazo do Parlamento, na sala de reunións prevista para o efecto, da planta 2ª do edificio, reúnese a **Mesa-Xunta de Portavoces**, ás **11:32 horas** do **luns día 17 de agosto de 2020**, coa asistencia das seguintes persoas:

MESA

D. Miguel Ángel Santalices Vieira	presidente
D. Diego Calvo Pouso	vicepresidente 1.ª
D.ª M.ª Montserrat Prado Cores	vicepresidenta 2.ª
D.ª M.ª Corina Porro Martínez	secretaria (<i>que dá fe do acto</i>)
D.ª Marina Ortega Otero	vicesecretaria

PORTAVOCES

GP Popular de Galicia (P)

D. Pedro Puy Fraga	titular
D. Miguel Ángel Tellado Filgueira	adxunto

GP do Bloque Nacionalista Galego (BNG)

D.ª Olalla Rodil Fernández	adxunta
D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral	adxunto

G.P. dos Socialistas de Galicia (S)

D. Gonzalo Caballero Miguez	titular
D.ª Paloma Castro Rey	adxunta

XUNTA DE GALICIA

D.ª Blanca García-Señoráns Álvarez	directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias (en funcións)
------------------------------------	--

PERSOAL

D. Xosé Antón Sarmiento Méndez	letrado oficial maior
--------------------------------	-----------------------

A sesión desenvólvese conforme á seguinte

orde do día

- «Punto 1.º *Constitución da Xunta de Portavoces.*
- Punto 2.º *Audiencia sobre a fixación do número de membros de cada grupo parlamentario na composición das comisións e da Deputación Permanente.*
- Punto 3.º *Fixación paridade na composición do Goberno*
- Punto 4.º *Calendario sesións investidura e apertura de lexislatura.*
- Punto 5.º *Audiencia sobre a asignación de escanos no salón de sesións».*

.../...

PUNTO 1.º CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE PORTAVOCES.

O presidente, **D. Miguel Ángel Santalices Vieira**, salienta que a presente reunión se convocou ao abeiro do disposto nos artigos 23.2 e 38.1 do Regulamento, para os efectos de constituír a Xunta de Portavoces e a adopción de acordos, se é o caso, dos temas que integran a orde do día. Informa que a Mesa do Parlamento elixida o pasado venres 7 de agosto de 2020 na sesión constitutiva do Parlamento nesta **XI lexislatura**, na reunión do día de hoxe, tivo coñecemento dos escritos de constitución e composición dos grupos parlamentarios así como da designación de portavoces titulares e adxuntas/os ou suplentes -doc. núm. 409, 414, 417 e 559).

Dos escritos presentados dedúcese a constitución de **tres grupos parlamentarios** e a designación de portavoces co seguinte detalle:

- G.P. Popular de Galicia (P) (doc. núm. 409)

Integrado por **42** deputadas ou deputados

Presidente:

D. Alberto Núñez Feijóo

Portavoces:

D. Pedro Puy Fraga	titular
D. Miguel Tellado Filgueira	adxunto
D. ^a M. ^a Elena Candia López	adxunta
D. ^a Paula Prado del Río	adxunta

- G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (doc. núm. 417)

Integrado por **19** deputadas ou deputados

Portavoces

D. ^a Ana Belén Pontón Mondelo	titular
D. ^a Olalla Rodil Fernández	adxunta
D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral	adxunto

- G.P. dos Socialistas de Galicia (PSdG-PSOE) (doc. núm. 414)

Integrado por **14** deputadas ou deputados

Portavoces:

D. Pablo Arangüena Fernández	adxunto
D. Gonzalo Caballero Miguez	titular
D. Luís Manuel Álvarez Martínez	adxunto
D. ^a Paloma Castro Rey	adxunta

Dálles a súa benvida en nome propio e da Mesa e, ao abeiro do artigo 38.1 do Regulamento, **declara constituída a Xunta de Portavoces.**

Suscitase un breve debate **a instancia do portavoz do G.P. Popular de Galicia** respecto da designación de portavoces adxuntas/os ou suplentes e a asistencia ás reunións da Xunta de Portavoces e a conseguinte asignación

económica. Expón que a práctica nas últimas lexislaturas era de tres para o grupo maioritario e dous para os grupos minoritarios, agás excepcións puntuais. **D. Gonzalo Caballero Miguez, portavoz o G.P. dos Socialistas de Galicia**, refírese á designación de tres polo seu grupo como nas últimas lexislaturas, que, a efectos organizativos desexan manter, se ben está aberto a reducilos se fora necesario. **A portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, D.ª Olalla Rodil Fernández**, coida que é conveniente manter criterios claros e transparentes e na medida do posible manter o costume e evitar cambios, se ben non se opón. Tras un cambio de impresións **o presidente Sr. Santalices Vieira** resume a posición a Xunta de Portavoces que fixa en tres os suplentes por grupo parlamentario con dereitos económico.

PUNTO 2.º AUDIENCIA SOBRE A FIXACIÓN DO NÚMERO DE MEMBROS DE CADA GRUPO PARLAMENTARIO NA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS.

O presidente, D. Miguel Ángel Santalices Vieira, expón que corresponde oír á Xunta de Portavoces respecto da fixación do número de membros de cada grupo parlamentario que integrarán as Comisións permanentes, lexislativas e non lexislativas, máis a Deputación Permanente, conforme ao disposto nos artigos 39, 40.1 e 56 do Regulamento e informa da proposta da Mesa conforme aos criterios xerais e detalle pormenorizado:

- Composición das comisións con representación proporcional: 12 membros e a seguinte distribución entre os grupos parlamentarios:
 - 7 membros do G.P. Popular de Galicia.
 - 3 membros do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.
 - 2 membros do G.P. dos Socialistas de Galicia.
- Composición da Deputación Permanente: 22 membros e a Presidencia da Cámara (artigo 55 do Regulamento):
 - 13 membros do G.P. Popular de Galicia (incluído o presidente, art. 55RPG)
 - 6 membros do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.
 - 4 membros do G.P. dos Socialistas de Galicia.
- Deputación Permanente 23 membros: o presidente (artigo 55 RPG) máis 12 GPP, 6 GP do BNG e 4 GP dos S
- Regulamento 17 membros: a Mesa (art. 46 RPG) máis 12 membros; 7 GPP, 3 GP do BNG, 2 GP dos S
- Estatuto dos Deputados 3 membros: 1 por cada grupo parlamentario (art. 47 RPG)
- Peticións 8 membros: a Mesa máis 1 por cada grupo parlamentario (art. 48 RPG)

- Comisións Permanentes
lexislativas e non lexislativas 12 membros: 7 GPP, 3 GP do BNG e 2 GP dos S.

D.^a Olalla Rodil Fernández, portavoz do G.P. do BNG, expresa unha dúbida respecto da Deputación Permanente e a súa presidencia, dado que esta recae no presidente da Cámara e non ten suplente e o exercicio do voto pola súa banda. Asemade refírese ao equilibrio e proporcionalidade coa composición actual da Cámara e referencias á anterior lexislatura con 22 membros en total. **D. Gonzalo Caballero Miguez, portavoz do G.P. dos S**, se ben hai diversas fórmulas para axustar máis ou menos a proporcionalidade, acepta a proposta. **D. Pedro Puy Fraga, portavoz do G.P. Popular de Galicia**, asemade acepta a proposta e subliña que se trata de facilitar o funcionamento dos distintos grupos parlamentarios.

O presidente, Sr. Santalices Vieira, conclúe que, oídos os portavoces, entendese aceptada a proposta.

Informa que o prazo para a designación dos seus membros por parte dos grupos parlamentarios rematará mañá, 18 de agosto, ás 9:30 horas, co gallo de posibilitar a súa constitución o vindeiro xoves 20 de agosto, ao longo da mañá. Engade que se comunicará aos portavoces xunto co calendario de constitución.

PUNTO 3.º FIXACIÓN PARIDADE NA COMPOSICIÓN DO GOBERNO.

O presidente, D. Miguel Ángel Santalices Vieira, expón que a Mesa -na reunión precedente aprobou a proposta (que se reproduce a seguir) para o cumprimento do principio de equilibrio de sexos na composición do próximo Goberno da Comunidade Autónoma, conforme establece o artigo 4.2 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia:

«Proposta da Mesa do Parlamento de Galicia para o cumprimento do principio de equilibrio de sexos no próximo Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia

Conforme ao establecido no parágrafo cuarto do artigo 2 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, na composición da Xunta deberá respectarse o principio de equilibrio dos sexos, nunha proporción entre cada un deles que debe concretar o Parlamento ao inicio de cada lexislatura.

O 7 de agosto de 2020, tivo lugar a constitución do Parlamento de Galicia da XI lexislatura.

En cumprimento desta previsión legal, a Mesa do Parlamento de Galicia, oída a Xunta de Portavoces, adoptou en sesión do 17 de agosto de 2020 o seguinte acordo:

Propoñerlle ao Pleno da Cámara que a porcentaxe de mulleres e homes do próximo Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia sexa a prevista na disposición transitoria cuarta da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia»

As e os portavoces asenten, se ben, a **Sra. Rodil Fernández, portavoz do G.P. do BNG**, expón que, sempre na liña de loita para conseguir a igualdade entre sexos, coida que podería trasladárselle ao Goberno a conveniencia de incorporar maior número de mulleres aos cargos directivos, nunha proporción 60-40 cando fose posible.

PUNTO 4.º CALENDARIO SESIÓNS INVESTIDURA E DE APERTURA DE LEXISLATURA.

O presidente, D. Miguel Santalices Vieira, subliña que corresponde fixar o calendario de actividades inmediatas da Cámara, relativas ás sesións plenarias de investidura do presidente do Goberno galego e de solemne apertura da XI Lexislatura.

Expón que, seguindo o precedente das últimas lexislaturas (7.^a a 10.^a), terá lugar primeiro a sesión de investidura, os días 1 e 3 de setembro de 2020, e, con posterioridade - previa toma de posesión do Presidente da Xunta de Galicia prevista en principio para o sábado 5 de setembro, nas dependencias desta Cámara- a sesión de apertura solemne o día 8 de setembro. Con anterioridade e segundo as esixencias lexislativas, realizará a consulta cos grupos parlamentarios para a proposta de candidato o vindeiro luns 24 de agosto.

PUNTO 5.º AUDIENCIA SOBRE A ASIGNACIÓN DE ESCANOS NO SALÓN DE SESIÓNS.

O presidente D. Miguel Ángel Santalices Vieira, expón que corresponde tamén a esta Xunta de Portavoces, segundo dispón o artigo 39 do Regulamento, a audiencia respecto da distribución de escanos no salón de sesións de pleno. Proponse manter, en principio, a distribución de escanos no salón de sesións fixa a para a sesión constitutiva do pasado día 7 e agosto de 2020.

D. Gonzalo Caballero Miguez, portavoz do G.P. dos S, coida que había unha pequena dúbida respecto dun máis ou non na primeira fila, sen maior transcendencia, polo que acepta a proposta.

A portavoz e o portavoz dos GG.PP. do BNG e P, asenten.

PUNTO 6.º (NOVO) COMUNICACIÓN

O presidente, D. Miguel Ángel Santalices Vieira, da conta de diversos acordos adoptados na Mesa que se comunicarán aos portavoces formalmente dende os servizos da Cámara, no que atinxe á asignación económica das deputadas e dos deputados e subvencións aos grupos parlamentarios.

Sen máis asuntos que tratar levántase a reunión ás 12:00 horas.

A secretaria

V. e pr.
O presidente

M.^a Corina Porro Martínez

Miguel Ángel Santalices Vieira

2. Formación da orde do día e ordenación do debate das sesións plenarias de investidura e de apertura de lexislatura.

3. Comunicaci3n, rogos e preguntas.